



XUNTA
DE GALICIA

 **Cualtis**

AVALIACIÓN RISCO BIOLÓXICO

Exposición a Coronavirus
(COVID-19)

—
Cliente:

XUNTA DE GALICIA

PERSONAL DE OFICINAS E DESPACHOS

Informe realizado por:



Eva Márquez Fernández
Técnico Superioreen PRL
Data: 13/05/2020

Índice

1.Obxecto.....	3
2.Alcance.....	4
3.Avaliación do risco.....	5
4.Recomendacións técnicas - Procedemento de actuación	7
4.1. Medidas xerais de prevención.	7
4.1.1.- Mecanismos para información do persoal e sistematoloxía	7
4.1.2.- Medidas de protección.....	8
4.1.2.1.- Medidas de organización do traballo	8
4.1.2.2.- Medidas de protección individual	9
4.1.2.3.- Medidas de protección colectiva no posto de traballo	10
4.1.3.- Reunións, traslados e formación	11
4.1.4.- Espazos e instalacións comúns en edificios.....	11
4.2.- Traballadores especialmente sensibles/vulnerables.....	12
5.- Equipos de protección persoal.....	13
6.- Anexo.....	15
6.1.- Outras consideración.....	16

Data	Edición
13-05-2020	Edición inicial

1. Obxectivo.

O obxectivo do presente informe é a avaliación do risco e a proposición das medidas de prevención e control da posible exposición a risco biolóxico con relación ao novo coronavirus COVID-19. Para elo vanse a analizar as características das tarefas ou actividades realizadas nas que pode existir risco de exposición a este axente biolóxico e as medidas de prevención existentes. Adicionalmente, en caso preciso, proporanse medidas de prevención e control para garantir a seguridade e saúde dos traballadores.

A presente avaliación realízase en base ao establecido no Real Decreto 664/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. Dacordo con esto, identificados uno ou máis riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, procederase, para aqueles que non se poideran evitar, a avaliar os mesmos determinando a natureza, o grado e duración da exposición dos traballadores.

A avaliación mencionada efectuarase tendo en conta toda a información disponible e, en particular:

- a) A natureza dos axentes biolóxicos aos que estén ou podan estar expostos os traballadores e o grupo a que pertencen, dacordo coa táboa e criterios de clasificación. Si un axente non consta na táboa, o empresario, previa consulta aos representantes dos traballadores, deberá estimar o seu risco de infección tendo en conta as definicións previstas no primeiro apartado do artigo 3 do Real Decreto 664/1997, a efectos de asimilalo provisionalmente aos incluídos nun dos catro grupos previstos no mesmo. No caso de dúbida entre dous grupos deberá considerarse no de peligrosidade superior.
- b) As recomendacións das autoridades sanitarias sobre a conveniencia de controlar o axente biolóxico ao fin de protexer a saúde dos traballadores que estén ou podan estar expostos a dito axente en razón de seu traballo.
- c) A información sobre as enfermidades susceptibles de ser contraídas polos traballadores como resultado da súa actividade profesional.
- d) Os efectos potenciais, tanto alérxicos como tóxicos, que podan derivarse da actividade profesional dos traballadores.
- e) O coñecemento dunha enfermidade que se teña detectado nun traballador e que esté directamente ligada ao seu traballo.
- f) O risco adicional para aqueles traballadores especialmente sensibles en función das súas características persoais ou estado biolóxico coñecido, debido a circunstancias tales como patoloxías previas, medicación, trastornos inmunitarios, embarazo ou lactancia.

A presente avaliación realízase en base ao coñecemento científico actual en relación co axente biolóxico en cuestión (COVID-19) e as medidas de protección e prevención publicadas polo ministerio de sanidade. Estas recomendacións están en continuo cambio e actualización polo que, máis alá do establecido no presente informe, si éste se consulta en data posterior a súa elaboración, deberase contrastar coas recomendacións actualizadas que teña publicado o ministerio de sanidade.

(<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>).

2. Alcance

O alcance da presente avaliación céntrase nas tarefas ou actividades descritas a continuación, non sendo obxecto de este informe outras posibles actividades realizadas e que podan supoñer exposición a axentes biolóxicos por parte dos traballadores que as realizan.

Empresa	XUNTA DE GALICIA
Tarea a avaliar	Tarefas propias do posto de traballo descritas a continuación.
Puesto de trabajo	PERSOAL OFICINAS e DESPACHOS
Descripción de la actividad realizada	
<p>Tarefas propias de xestión de carácter administrativo onde prima a utilización de equipos informáticos, así coma a tramitación de documentación.</p> <p>Tarefas con unha grande carga de xestión, así coma asistencia a reunións e toma de decisións.</p>	

3. Avaliación do risco

Para a avaliación do risco pola posible exposición ao axente biolóxico, tense en conta os seguintes aspectos:

Natureza do axente biolóxico.

Os coronavirus son membros da subfamilia Orthocoronavirinae dentro da familia Coronaviridae (orde Nidovirales) (11). Esta subfamilia comprende catro xéneros: Alphacoronavirus, Betacoronavirus, Gammacoronavirus e Deltacoronavirus dacordo a súa estrutura xenética. Os alfacoronavirus e betacoronavirus infetan so a mamíferos e normalmente son responsables de infeccións respiratorias en humanos e gastroenteritis en animais. Tense descrito ata a aparición do 2019-nCov (Covid-19), seis coronavirus en seres humanos.

Aa vía de transmisión entre humanos considerase similar ao descrito para outros coronavirus a través das secrecións de persoas infectadas, principalmente por contacto directo con gotas respiratorias de máis de 5 micras (capaces de transmitirse a distancias de ata 2 metros) e as mans ou os fómites contaminados con estas secrecións seguido do contacto coa mucosa da boca, nariz u ollos. *(baseado na información do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias)*

Para o Covid 19 no existe unha clasificación oficial como axente biolóxico nalgún dos 4 grupos existentes, si ben, en base á definición destes grupos (RD 664/1997) cabería clasificalo inicialmente, a falta dunha clasificación oficial, como **axente biolóxico do grupo 2*** (Guía Técnica do RD 664/97 páxina 52).

Grupo	Descrición
1	Aquél que resulta pouco probable que cause unha enfermidade no home.
2	Aquél que pode causar unha enfermidade no home e pode supoñer un perigo para os traballadores, sendo pouco probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.
3	Aquél que pode causar unha enfermidade grave no home e presenta un serio perigo para os traballadores, con risco de que se propague á colectividade e existindo xeralmente unha profilaxe ou tratamento eficaz.
4	Aquél que causando unha enfermidade grave no home supón un serio perigo para os traballadores, con moitas probabilidades de que se propague á colectividade e sin que exista xeralmente unha profilaxe ou un tratamento eficaz.

Posibilidade de vacinación.

Na actualidade non existe posibilidade de vacinación para este axente biolóxico.

Tipo de exposición.

A exposición ao axente biolóxico considérase **non deliberada**, a actividade non implica a intención deliberada de manipular axentes biolóxicos ou de utilizalos no traballo (RD 664/97).

Probabilidade de contacto, frecuencia da exposición e medidas de protección.

En base a estes parámetros establécese a seguinte matriz de clasificación do risco, baseada en:

- Si pode existir contacto potencial coas persoas infectadas ou con casos en estudo.
- Se utilizan equipos de protección individual fronte á posible exposición ao axente biolóxico.

*Clasificación recollida segundo Criterio Operativo nº 102/2020 *Sobre medidas e actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social relativas a situacións derivadas do novo Coronavirus (SARS-CoV-2)*

Aplicaranse os criterios de risco establecidos no documento “*Procedemento de actuación dos servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (SARS-COV-2). Versión 30 de abril de 2020*” A clasificación de niveis de risco do anexo V da guía é a seguinte:

NR1 (Nivel de risco 1): Similar ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas.

NR2 (Nivel de risco 2): Traballo con posibilidade de contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas.

NR3 (Nivel de risco 3): Asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sin manter a distancia de seguridade.

NR4 (Nivel de risco 4): Profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosois, coma por exemplo RCP.

En base ao descrito anteriormente, o nivel de risco existente para as tarefas obxecto da presente avaliación sería: **NR1 ou NR2 (ocasionalmente)**

4. Recomendacións técnicas - Procedemento de actuación

A continuación, propónse unha serie de medidas encamiñadas a diminuír o nivel de risco existente xunto con recomendacións xerais de protección.

Escenarios de risco de exposición ao coronavirus SARS-CoV-2 no entorno laboral

EXPOSICIÓN DE RISCO	EXPOSICIÓN DE BAIXO RISCO	BAIXA PROBABILIDADE DE EXPOSICIÓN
		<ul style="list-style-type: none"> • Persoal en tarefas de administración, que se pode situar a máis de 2 metros de distancia, ou con medidas de protección colectiva que eviten o contacto (puntos marcados de máximo acceso ou outros tipos de barreiras).
REQUERIMENTOS		
		Realizar unha correcta hixiene das mans con auga ou solución hidroalcohólica. En casos excepcionais (falta de cooperación dunha persoa sintomática): <ul style="list-style-type: none"> - protección respiratoria - luvas de protección.

Procediminto de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (sars-cov-2).
Ministerio de Sanidade. 30 de abril 2020

4.1. Medidas xerais de prevención.

4.1.1.- Mecanismos de información para o persoal e sintomatoloxía.

Coa finalidade de contar coa información precisa sobre o COVID-19, a Xunta de Galicia habilitou o teléfono gratuito 900 400 116 e a páxina web www.coronavirus.sergas.gal

Os síntomas máis comúns da enfermidade polo coronavirus son febre, tose, dificultade respiratoria ou dispnea.

Se os síntomas aparecen no seu domicilio, o empregado público porase en contacto co 900 400 116, non acudirá ao centro de traballo e comunicará á súa unidade esta situación. A súa ausencia considerarase como xustificada.

É obrigatorio que o empregado público traslade ao seu xefe directo as pautas que lle marcasen as autoridades sanitarias co fin de poder adoptar, de ser o caso, medidas preventivas.

Se os síntomas aparecen no posto de traballo, o empregado público deberá informar inmediatamente o seu superior xerárquico, trasladarase inmediatamente a un espazo cerrado (preferiblemente un despacho pechado con ventá) e porase en contacto co 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias.

Se non existe un espazo axeitado para o illamento, o traballador informará o seu superior xerárquico e, se é o caso, dirixirase ao seu domicilio. Porase en contacto co 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias.

Os responsables de persoal das unidades afectadas ditarán as instrucións necesarias para que se ventile ben o despacho e as zonas onde estivo a persoa que presentou síntomas, e limpanse cunha solución de hipoclorito sódico (lixivia) con auga as zonas con que o traballador estivo en contacto.

Respecto ao resto de empregados públicos que compartían espazo de traballo coa persoa que presentaba síntomas da enfermidade, adoptaranse as medidas preventivas que fixe o órgano competente da Consellería de Sanidade.

En todos os casos indicados é obrigatorio que a persoa que presenta síntomas da enfermidade chame ao 900 400 116 e cumpra as pautas indicadas.

Así mesmo, o empregado público deberá poñer en coñecemento do seu xefe directo as pautas que lle marcou o 900 400 116 e, no caso de que fixese a proba para determinar se está infectado, é obrigatorio que informe do resultado.

4.1.2.- Medidas de protección.

Para organizar axeitadamente a prestación do servizo público e minimizar os riscos de exposición, tanto para os empregados públicos coma para os usuarios dos edificios públicos, establécense unha serie de medidas de protección que se detallan a continuación.

Todas as medidas se establecen sen prexuízo daqueloutras ferramentas de rastrexo que desde o punto de vista tecnolóxico se poidan implementar para complementar as aquí establecidas.

4.1.2.1.- Medidas de organización do traballo.

- Fomento da utilización dos medios telemáticos dispoñibles co obxectivo de evitar desprazamentos.
- Deberase organizar o traballo de tal modo que se evite o contacto entre persoas ou, de non ser posible, se reduza a súa frecuencia, respectando, en todo caso, a distancia de seguridade. Deste modo, empregarase de xeito ordinario o teléfono e o correo

electrónico entre o persoal que estea presente nas oficinas.

- Disporase que, salvo circunstancias xustificadas, o acceso ás dependencias se realizará de xeito individual. Polo tanto, impartiranse instrucións aos servizos de control de accesos para que limiten neste sentido a entrada de visitantes.
- Se nalgún momento as autoridades sanitarias determinan o uso para a poboación, con carácter obrigatorio, de elementos de protección (tales como máscaras ou luvas), o persoal de control de accesos non permitirá a entrada aos edificios administrativos aos usuarios que non porten os ditos elementos de protección.
- Colocarase carteis informativos nos lugares de traballo, que conterán as indicacións de seguridade que deban observarse, como por exemplo marcas identificativas no chan da distancia que se debe manter. Os carteis colocaranse en zonas visibles.

4.1.2.2. Medidas de protección individual.

- O persoal empregado público deberá, antes de dirixirse ao seu posto de traballo, tomar a temperatura e, se é superior a 37,5 graos, permanecerá no seu domicilio. Comunicará esta circunstancia ao seu superior directo ou ao departamento de persoal de que dependa, para que a ausencia ao traballo se considere xustificada. Esta acción deberase realizar sempre, aínda que non presente sintomatoloxía da enfermidade.
- Igualmente, adoptará esta medida se presenta algún síntoma compatible coa enfermidade, contactará, en ambos os casos, co 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias e informará o seu superior xerárquico.
- Extremar as medidas de hixiene respiratoria, como ao tusir cubrir a boca cun pano dun só uso ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitarase tocar os ollos, o nariz ou a boca.
- Manter unha adecuada e frecuente hixiene de mans como medida principal de prevención e control da infección. Esta hixiene farase con auga e xabón antiséptico ou solución hidroalcohólica. Facilitarase, en todo momento, o acceso aos aseos para lavar as mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
- Gardarase en todo momento a distancia de seguridade co demais persoal, tanto na prestación do traballo como na entrada e saída ao posto, así como nos tempos de descanso.
- Extremarase a orde no posto de traballo, solicitando a limpeza e desinfección do posto, se for necesario.
- Os equipamentos de traballo (ordenador, rato, mesa, teléfono e material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto.

No caso dos postos de traballo de uso compartido entre varios empregados públicos, avaliaranse alternativas para non compartilos e, na súa falta, procederase á súa desinfección cando se produza o cambio de quenda.

O público visitante non poderá empregar os equipamentos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

- A Xunta de Galicia terá que facilitar ao seu persoal os medios e equipamentos de pro-

tección que se establezan como obrigatorios para prestar o traballo, e será competencia de cada centro directivo a súa subministración.

Agora ben, a Xunta de Galicia non ten a obriga de proporcionar ao seu persoal aqueles equipamentos de protección que determinen como obrigatorios ou recomendables as autoridades sanitarias para todas as circunstancias vitais de cada persoal.

4.1.2.3 Medidas de protección colectiva no posto de traballo.

- Dispoñer de produtos de hixiene que permitan, tanto aos empregados públicos coma aos usuarios das oficinas, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- Establecer distancias mínimas de seguridade de, polo menos, 2 metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.
- Nas mesas e mostradores de atención ao público establecerase unha distancia mínima de 2 metros entre o usuario e o persoal, salvo que se habiliten elementos de protección colectiva no posto en que se realiza a atención ao público.
- Intensificar as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e, especialmente, dos postos de traballo e das zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas...). Neste sentido, estas zonas deberán ser desinfectadas, como mínimo, ao inicio ou á fin da xornada e, en atención á concorrencia de persoas nalgunha destas zonas, deberanse realizar limpeza periódicas ao longo da xornada de traballo ou, nos postos onde haxa atención ao público, cando sexa requirido polo empregado público.
- Nos edificios en que sexa posible, estableceranse aseos de uso exclusivo para o persoal empregado público e outros para o público visitante.

Tamén se incidirá na desinfección dos equipamentos e ferramentas postos á disposición do público visitante nas oficinas e dependencias da Xunta de Galicia (tales coma ordenadores de uso público, mobiliario de zona de espera...).

- No curso da xornada de traballo, ventilaranse de forma frecuente as estancias coa apertura de ventás, evitando as correntes de aire. De xeito aproximado, deberíanse abrir as ventás durante 5 minutos cada dúas horas (abrírase a fiestra pero pecharase a porta para evitar correntes de aire).

Onde non existan ventás pero as estancias estean dotadas con sistema mecánico de renovación de aire, este estará activo durante a xornada laboral.

Nos espazos que non contén con fiestras nin sistemas mecánicos de renovación de aire, realizarase a ventilación abrindo as portas.

Igualmente, cando o persoal de limpeza estea realizando as súas tarefas, ventilará axeitadamente as instalacións.

- Nos postos de traballo establecerase unha distancia en todos os sentidos do posto (frontal, lateral e traseira) que garanta unha distancia física entre o persoal empregado público de, polo menos, 2 metros (computados de persoa a persoa).

Para lograr esta distancia, poderanse realizar relocalizacións de postos de traballo e/ ou mobiliario, reordenar as quendas de traballo ou coordinar axeitadamente o sistema de teletraballo.

Non será precisa a distancia de 2 metros nos casos en que existan elementos de protección colectiva que imposibiliten o contacto entre traballadores (por exemplo, mobiliario ou anteparos). Será da competencia de cada centro directivo realizar as adaptacións necesarias dos postos de traballo do seu persoal para garantir as condicións de seguridade establecidas coa colaboración dos servizos de prevención de riscos laborais competentes.

4.1.3.- Reunións, traslados e formación.

Como norma xeral, evítanse as reunións ou visitas ás instalacións, priorizando as videoconferencias. Se non é posible adoptar as citadas medidas, adoptaranse as seguintes:

- Garantírase a distancia de seguridade de 2 metros entre os participantes, adaptando a capacidade das salas a estas limitacións.
- O acceso e saída ás salas realízase de xeito gradual para evitar incumprir a distancia de seguridade. Non se empregarán elementos materiais compartidos polos asistentes tales como material de oficina, micrófonos, follas de recollida de sinaturas...
- Ao finalizar a reunión informarase o servizo que xestiona as salas para que se proceda á súa limpeza e desinfección. Non se poderá volver usar a sala ata que se produza a súa limpeza e na propia sala establecerase un parte de control da desinfección realizada para coñecer a súa realización.

Canto aos traslados, só se realizarán os imprescindibles para a normal prestación dos servizos esenciais e cumpríranse as normas establecidas polas autoridades sanitarias, e poderá viaxar un só pasaxeiro por liña de asentos.

No caso de vehículos oficiais que sexan usados de xeito indistinto por empregados públicos, procederase á desinfección do volante, da panca de marchas, dos distintos elementos de conducción e dos tiradores das portas cun produto con capacidade viricida. A obriga de realizar esta limpeza é do empregado público que utilizou o vehículo, posto que é a única garantía de que non haxa unha utilización posterior do vehículo respecto ao momento da súa desinfección. Igualmente, os responsables da xestión dos vehículos disporán a desinfección frecuente dos vehículos.

No que se refire ao emprego de máscaras no interior do vehículo, este será obrigatorio cando así se determine na normativa de aplicación.

Finalmente, no referido á formación, continuarase impulsando a teleformación e, en canto á formación presencial, só se poderá impartir cando a súa realización estea autorizada polas autoridades sanitarias e observaranse as limitacións de capacidade establecidas para espectáculos e actividades con concorrencia de persoas.

4.1.4. Espazos e instalacións comúns nos edificios.

Nos espazos en que pode existir concorrencia entre dúas ou máis persoas, adoptaranse as medidas organizativas necesarias para garantir a distancia de seguridade. Para isto seguiranse as seguintes pautas:

- Na entrada e na saída ao edificio, deberase manter en todo momento a distancia de seguridade. Igualmente se manterá esta precaución nos tempos de descanso. Cando sexa posible, utilizaranse portas de entrada e saída independentes para evitar cruzamentos entre as

persoas. O mesmo criterio se adoptará para cando existan varias escaleiras e se poidan habilitar unhas de subida e outras de baixada.

- Ao entrar no edificio deberase realizar unha adecuada hixiene das mans, empregando auga e xabón ou unha solución hidroalcohólica.
- Nas vías de circulación e nas escaleiras seguirase o mesmo sentido de circulación que os vehículos na calzada, polo que se deberá deambular polo lado dereito de un en un, o máis próximo posible ao extremo da vía de circulación ou das escaleiras e mantendo a distancia de 2 metros.
- O uso dos ascensores será prioritario para o persoal con discapacidade ou no que concorran outras circunstancias que recomenden a prioridade do seu uso. Igualmente, terá preferencia, despois dos anteriores, o persoal que se desprace ás plantas superiores do inmovble. En todo caso, hai que garantir a distancia de seguridade de 2 metros e, se non é posible, empregarase o ascensor de xeito individual.
- Antes de empregar calquera instalación comunitaria (máquinas de autoservizo, caixeiros automáticos...) é obrigatorio lavar as mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica e o mesmo se fará unha vez que conclúa o seu uso.
- Igualmente, é obrigatorio, tanto para os empregados públicos coma para o público visitante, realizar a limpeza de mans ao entrar nos edificios, para o que existirán carteis que recorden esta obriga.

4.2 Traballadores especialmente sensibles/ vulnerables:

Actuarase conforme á resolución de 16 de abril de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade de diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (CECOP), de 14 de abril de 2020 e publicada no DOG nº 74 de vernes 17 de abril de 2020, en concreto seguirase o procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade en ámbitos non sanitarios nin sociosanitarios (ANEXO I).

5. Equipos de Protección Persoal

Adxuntase a táboa aclaratoria (na páxina actual e seguinte) que nese censo ten editado o ministerio de sanidade a través da dirección xeral de saúde pública (e que debe consultarse periódicamente no enlace seguinte por se sufrise modificacións importantes).

https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Recomendaciones_uso_mascarillas_ambito_comunitario.pdf

Non ostante, no caso de querer utilizar algún tipo de mascarilla, o que sí é importante para non convertir este acto nunha fonte de risco en lugar dunha medida preventiva, é seguir as seguintes indicacións do documento anterior :

As mascarillas non deben levarse ao pescozo, tampouco se recomienda sacala ou gardala no bolsillo ou en calquer outro lugar para volver a pola máis tarde. O uso da mascarilla deberá ir sempre asociado ao seguimento estrito das medidas xerais de hixiene descritas a continuación:

- Antes de poñerse unha mascarilla hai que lavarse ben as mans con auga e xabón ou cunha solución con base alcohólica.
- Cubrir a boca e a nariz coa mascarilla i evitar que haxa ocos entre a cara e a mascarilla.
- Evitar tocar a mascarilla coas mans mentras se leve posta e si se fai lavarse ben as mans con auga e xabón ou cunha solución con base alcohólica.
- Desbotar a mascarilla cando esté húmida i evitar reutilizar as mascarillas dun so uso. As mascarillas cirúrxicas son dun so uso.
- Por cuestións de comodidade e hixiene, recomíndase non usar a mascarilla por un tempo superior de 4 horas. No caso de que se humideza ou deteriore polo uso, recomíndase substituír por outra.
- Quitarse a mascarilla pola parte de atrás, sen tocar a parte frontal, desbotala nun caldeiro pechado e lavarse as mans con auga e xabón ou cunha solución con base alcohólica.
- No caso de mascarillas hixiénicas reutilizables, éstas debense lavar conforme ás instrucións do fabricante.
- A distancia de seguridade e o lavado de mans con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas son de enorme importancia.


QUE	QUEN	CANDO	PORQUÉ
Mascarilla médica cirúrxica (produto sanitario homologado)	Persoas con síntomas ou diagnóstico de COVID-19.	Ao entrar alguén na súa habitación ou ao recibir coidados a menos de 2 metros.	A mascarilla cirúrxica limita a saída das gotas respiratorias polo que prevén a transmisión do virus a outras persoas.
	Persoas que teñen estado en contacto estreito con alguén con COVID-19 nos últimos 14 días.	Cando están cos convevintes na casa e Se ten que salir á rúa.	

QUE	QUIÉN	CUÁNDO	PORQUÉ
	Cuidado de persoas con COVID-19.	Ao atender ao paciente a menos de 2 metros. O paciente tamén debe levar mascarilla cirúrxica.	A mascarilla cirúrxica ten un efecto protector, si se usa de maneira adecuada e asociada as medidas de prevención.
	Población vulnerable (personas maiores de 60 anos, diagnosticadas de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeprimidos e o embarazo, polo principio de precaución.)	Ao saír á rúa ou estar en contacto con outras persoas.	
Mascarilla hixiénica (produto non sanitario, de fabricación propia ou comercial)	Poboación xeral sana (sin contacto con persoas con COVID-19).	Cando non é posible manter a distancia de seguridade en situacións coma o desprazamento ao traballo ou á compra ou espazos pechados. Cando se utiliza o transporte público.	O uso de mascarillas hixiénicas pode colaborar na diminución da transmisión por parte de persoas sen síntomas ou síntomas leves, sempre que se faga asociado ás medidas de prevención.
